



No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do día **SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os sres. concelleiros Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López, Dona María del Carmen Abad Rodríguez e D. José Antonio Real Vázquez e D. José Aurelio López López (ausentes o sr. concelleiro D. José Antonio García Jurjo e o sr. concelleiro D. Manuel López Armesto -sen excusa previa-), asistidos polo secretario accidental municipal D. José Luis López Moure, que da fé do acto, co obxecto de celebrar sesión "**ordinaria**" do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria previa á mesma.

Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

1º.- A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ANTERIOR LEVADA A CABO EN DATA 05/10/2018.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde pregúntase aos Sres. concelleiros asistentes se teñen que facer algunha observación ao borrador da acta da sesión anterior de data 05/10/2018, que lles foi entregado xunto coa orde do día. Non habendo observacións, queda aprobado nos termos nos que está redatado por unanimidade dos asistentes (sete votos a favor), sendo nove o número legal de membros.

2º.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deuse conta dos Decretos de Alcaldía ditados dende o derradeiro Pleno coa súa posta a disposición aos Sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario (dende o nº 2018-0151 ata o nº 2018-0193).

O Pleno dáse por enterado.

3º.- DAR CONTA DA ACTUALIZACIÓN E DATOS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E/OU ESTADOS FINANCIEROS INICIAIS DAS ENTIDADES QUE FORMAN PARTE DO SECTOR DAS AAPP DA CORPORACIÓN, CON MOTIVO DA RENDICIÓN DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018

Dáse conta ao Pleno Corporativo da actualización e datos de execución do presuposto e/ou estados financeiros iniciais das entidades que forman parte do sector das administracións públicas da corporación con motivo da rendición das obrigas trimestrais de subministro de información *correspondente ao 3º trimestre do exercicio de 2018*, e rendido pola Secretaria-



Intervención en data 30/10/2018 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais en cumprimento do art. 16 da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, na redación dada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.

O resgardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

Os Sres. concelleiros dánse por enterados.

4º.- DAR CONTA DO PMP CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018.

Dáse conta ao Pleno Corporativo do periodo medio de pago correspondente ao 3º trimestre de 2018 e rendido pola Secretaría-Intervención en data 30/10/2018 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais. A comunicación dos citados datos efectuouse en cumprimento do art. 4.1.b) da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, e de conformidade co establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de rendición de recursos dos réximes de financiación previstos na citada Lei Orgánica 2/2012.

A Secretaria-Interventora municipal da lectura ao Pleno do detalle do informe, que é:

Ratio operacións pagadas: 12,63
Importe pagos realizados: 183.111,74 €
Ratio operacións pendentes: 3,80
Importe pagos pendentes: 62.477,70 €
PMP: 10,38

PMP Global:
Importe pagos realizados: 183.111,74 €
Importe pagos pendentes: 62.477,70 €
PMP: 10,38

O resgardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

Os Señores concelleiros dánse por enterados.

5º.- DAR CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA EN DATA 30/10/2018 EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DAS BASES TERCEIRA, DÉCIMA, DÉCIMO PRIMEIRA E DÉCIMO SEGUNDA DAS "BASES QUE REXEN A ACEPTACIÓN E ASUNCIÓN, POR DELEGACIÓN EXPRESA, DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE



XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN EN RELACIÓN A TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

Dáse conta ao Pleno do acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada en data 30/10/2018 en relación coa modificación das bases terceira, décima, décimo primeira e décimo segunda das “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”, quedando as Bases da seguinte forma:

-“Base Terceira.- Contido e alcance da delegación”, no apartado 2- da segunda parte, referido á xestión e recadación de padróns.

-“Base Décima.- Compensación económica”, na que se deroga o apartado “a) O 1% do principal e dos xuros recadados en período voluntario”.

-“Base Decimoprimeira.- entregas a conta”, na que se incorpora un novo párrafo coa finalidade de que, cando se produza volumen de ingresos extraordinarios se poida realizar unha entrega a conta da liquidación definitiva.

-“Base Decimosegunda.- liquidacións provisionais e definitiva”, que no apartado “Liquidación definitiva” a frase “O importe das entregas a conta mensuais” queda redactada “O importe das entregas a conta”.

Os señores concelleiros danse por enterados.

6º.- INFORME A EMITIR EN RELACIÓN COA AMPLIACIÓN DO HORARIO DE PECHE DE ESTABLECEMENTOS DE HOSTELERÍA ASOCIADOS A APEHL DENDE O 21/12/2018 E O 07/01/2019.

Vista a solicitude formulada por D. José Francisco Real Castro como Presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo (APEHL) con NIF G-27021005, e presentado a través do Rexistro Xeral de entrada de documentos da Subdelegación do Goberno de Lugo en data 23/11/2018 con nº 000006300e1803329946, rexistro de entrada no Concello de Samos en data 27 de novembro con nº de rexistro 2018/1820, a cal a continuación se transcribe:

“ Que ese Ayuntamiento emita **informe favorable** a la solicitud presentada por esta Asociación en la Xefatura Territorial de la Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Lugo, para la **ampliación de horario** de cierre de los establecimientos de hostelería, **asociados a APEHL**, en **una hora más** de lo legalmente establecido **desde el día 21 de diciembre de 2018 al 7 del mes de Enero de 2019**. Así como la autorización para que la **noche de fin de año (31 de diciembre 2018) y noche de reyes (5 de enero de 2019) los establecimientos puedan permanecer abiertos toda la noche**, ya que son días en los que ya es costumbre social, la celebración de fiestas en locales de hostelería.

Rogamos envíen el informe **antes del día 11 de diciembre** para ser remitido a la Xefatura Territorial y que ésta emita la autorización pertinente. “



Sen que se produzan intervencións, o Pleno do Concello, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (sete votos a favor sendo nove o número legal de membros) **ACORDA** Informar favorablemente a solicitude presentada pola Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo (APEHL) con NIF G-27021005 na Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Lugo, para a ampliación do horario de peche dos establecementos de hostelería deste Concello, asociados á APEHL, en unha (1) hora máis do legalmente establecido dende o día 21 de decembro de 2018 ao 7 de xaneiro de 2019, así como a autorización para que a noite de fin de ano e a noite de reis os establecementos poidan permanecer abertos toda a noite

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE SAMOS Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

O Sr. alcalde expón ao Pleno Corporativo a proposta de Alcaldía obrante no expediente que se transcribe:

“Proposta de Alcaldía ao Pleno Corporativo

Expediente nº: 375/2018

Procedemento: Adhesión do Concello de Samos a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o *Convenio de Adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística* que consta no expediente.

Visto o informe xurídico emitido por Secretaría-Intervención e obrante no expediente.

Visto o interese deste concello en adherirse á citada Axencia.

ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS, órgano competente en virtude dos artigos 10.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e 215.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, **A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Aprobar a incorporación e adhesión do Concello de Samos como membro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, asumindo os dereitos e obrigacións que disto derivan, de conformidade co estipulado no Convenio de Adhesión que a continuación se transcribe e co establecido nos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e na Lei do solo de Galicia:

“CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Santiago de Compostela, ... de de dous mil

INTERVEÑEN:



Dunha parte, don Julio Gallego Moure, alcalde do Concello de Samos, provincia de Lugo, en representación do Concello, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

EXPOÑEN:

Primeiro. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG, en adiante), no seu artigo 10, establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Así mesmo, establece que son membros da Axencia a Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela. A incorporación dos municipios realizarase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a aprobación previa do Pleno da Corporación e da persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación, e será publicado no Diario Oficial de Galicia.

Os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística foron aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e publicados no Diario Oficial de Galicia núm. 222, do 16 de novembro.

Segundo. O Concello de Samos ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 151 e seguintes da LSG.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá a coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes Administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.

O texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, no seu artigo 69, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma e a Local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado.



Terceiro. En virtude do establecido no artigo 10 da LSG, a Axencia exercerá as competencias que lle sexan delegadas polos concellos consorciados.

Neste senso, o artigo 9 dos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, dispón que a adhesión necesariamente producirá a atribución á Axencia das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente na Axencia, nos supostos que determine a Lei urbanística autonómica, segundo se estableza no convenio de adhesión.

Cuarto. Este convenio de adhesión obtivo a aprobación previa do Pleno da Corporación municipal de Samos en sesión que tivo lugar o **XX de XX de 2018**, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 10 da LSG, e no artigo 215.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Así mesmo, obtivo a aprobación da titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, do.. de ...de.., de conformidade co disposto no artigo 10 da LSG.

Os intervenientes recoñecen mutua capacidade para o outorgamento do presente convenio de adhesión, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira. Incorporación á Axencia

O Concello de Samos, na provincia de Lugo, incorpórase e adhírese como membro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, asumindo os dereitos e obrigacións que disto derivan, de conformidade co estipulado no presente convenio de adhesión e o establecido nos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e na Lei do solo de Galicia.

Segunda. Delegación de competencias

1. O Concello de Samos delega na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística establecidas nos artigos 151 e seguintes da LSG, en relación coas obras e usos do solo que se executen sen título habilitante municipal de natureza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalguna das seguintes clases de solo:

- a) solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías (artigos 31 e seguintes da LSG e disposición transitoria primeira da LSG).
- b) solo urbanizable ou apto para urbanizar, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento (artigo 27 e disposición transitoria primeira da LSG).
- c) e núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal (artigo 23 e disposición transitoria primeira, da LSG).



A Axencia exercerá efectivamente estas competencias desde o día seguinte ao da publicación do convenio no Diario Oficial de Galicia.

2. No caso de infraccións relativas a obras e usos suxeitos a comunicación previa serán tramitados unicamente os referidos a denuncias remitidas polos concellos adheridos, debendo achegar informe técnico municipal.

3. Nesta delegación de competencias non está incluída a inspección, a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo Concello.

4. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados pola Axencia, en exercicio de competencias delegadas, corresponderalle igualmente á Axencia, despois do informe previo do Concello, que deberá emitirse no prazo máximo dun mes. Transcorrido o cal continuarase coa tramitación do recurso.

5. A delegación de competencias poderá ser revogada en calquera momento polo Pleno da Corporación, coa maioría esixida no artigo 215.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. A revogación será efectiva unha vez comunicada á Dirección da Axencia e publicada no Diario Oficial de Galicia.

Terceira.- Réxime económico.

1. O réxime económico do presente convenio establece coas seguintes condicións:

a) o concello terá dereito ao 10% do produto das multas coercitivas e sancións, e como máximo trinta mil euros anuais, efectivamente recadadas pola Axencia no termo municipal de Samos, tanto en exercicio de competencias propias como delegadas.

2. O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola Axencia, en exercicio de competencias delegadas polo concello, serán ingresadas polos suxeitos obrigados directamente na conta xeral da Axencia. No suposto de que non sexan aboadas en período voluntario, a Axencia solicitará da Consellería de Facenda o seu cobro pola vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a Axencia transferirá ao Concello unha cantidade equivalente ao 10% dos ingresos percibidos, e como máximo trinta mil euros anuais, polas multas coercitivas e sancións recadadas no seu termo municipal.

Este modelo de financiamento será de aplicación ás multas coercitivas e sancións impostas a partir da entrada en vigor do Convenio, sen afectar ás multas e sancións impostas en períodos anteriores, aínda que se recaden unha vez entre en vigor o Convenio.

Cuarta. Obrigacións asumidas polo Concello

O Concello de Samos asume as seguintes obrigacións:

a) prestar a cooperación e asistencia activa que a Axencia lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias;



b) facilitarlle ao persoal da Axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións;

c) cando o concello remita denuncias por obras e usos do solo sen título habilitante ou sen axustarse ás súas condicións, deberá remitir un informe técnico con contido suficiente para a incoación dos expedientes administrativos que procedan. En todo caso, e como mínimo, deberán identificarse as persoas responsables da actuación inspeccionada, as obras obxecto do expediente, así como os incumprimentos da normativa urbanística.

d) prestar o auxilio da policía local para facilitar as inspeccións, executar as ordes de precinto de obras e identificar os responsables de posibles infraccións;

e) absterse de outorgar licenzas urbanísticas que impliquen a legalización de obras e usos do solo respecto dos que a Axencia ordenase a súa demolición, cesamento ou restauración da realidade física alterada;

f) emitir informe previo á resolución dos recursos interpostos contra actos ditados pola Axencia en exercicio de competencias delegadas, no prazo máximo dun mes. Transcorrido o cal, continuarase coa tramitación do recurso.

g) contribuír ao sostemento económico da Axencia nos termos establecidos no presente convenio de adhesión;

h) e respectar as estipulacións do presente convenio e o establecido nos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro.

Quinta.- Programa de incorporación

A incorporación do Concello á Axencia será efectiva desde o día seguinte ao de publicación deste convenio no Diario Oficial de Galicia.

Os expedientes relativos ás obras en execución nas materias que son obxecto de delegación deberán ser remitidos á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no prazo dun mes desde a data de entrada en vigor deste convenio.

Sexta. Prazo de vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o seu prazo de vixencia será indefinido.

A resolución do presente convenio producirase no suposto de que o Concello de Samos perda a condición de membro da Axencia por calquera das causas que se establecen no artigo 12 dos estatutos da Axencia e cos efectos que o mesmo artigo dispón.

Sétima. Interpretación do convenio

As controversias que puidesen xurdir na interpretación do presente convenio e a súa aplicación serán resoltas polo Consello Executivo da Axencia, de conformidade co disposto no artigo 10 dos estatutos da Axencia aprobados por Decreto 213/2007, do 31 de outubro.

E para que así conste, asinan o presente convenio de adhesión, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Polo Concello de Samos

Pola Xunta de Galicia

O alcalde

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Julio Gallego Moure

Beatriz Mato Otero"

SEGUNDO.- Facultar ao sr. alcalde tan amplamente como en Dereito sexa posible para que en representación do Concello de Samos asine o **Convenio de Colaboración** antes transcrito."

Sen que se produzan intervencións, procedeuse á votación, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (5 do Grupo municipal socialista e 1 do Grupo municipal do Partido Popular, 1 do Grupo mixto).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Ningunha.

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que se aproba por maioría absoluta a Proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

8º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde da paso aos asuntos urxentes, sen que se plantexe algún.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS** e cede a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ao presentado en escrito con R.X. nº 2018-E-RC-1879 en data 3 de decembro, e que a continuación se transcribe:

"1.- Que se retiren as pedras que cairon polo temporal de neve na pista de Samos a Manxar e que se arranxe un bache que está xusto o final da Rúa da Torre, na mesma pista."

- SR. ALCALDE.- Están apartadas as pedras e sacáronse. O vache repararase.



Non habendo máis rogos, inicia a quenda de **PREGUNTAS** e cede a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ás presentadas en escrito con R.X. nº 2018-E-RC-1879 en data 3 de decembro, e que a continuación se transcriben:

“1.- Qué medidas pensa tomar o Concello de Samos contra a Praga da avespa velutina, ou tén algún protocolo xa estudado para cando aparece un niño de animais ?”

- SR. ALCALDE.- Encárgase a Xunta que dispón de medios. O persoal do Concello non dispón de medios, ademais é perigoso.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Hai concellos que forman, porque a Xunta tarda meses segundo o seu protocolo. Aquí hai empresas de mel. Os veciños están retirando eles mesmos os niños, e é un perigo.

-SR. ALCALDE.- Non vale que chame o Concello, teñen que chamar eles á Xunta.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Tardan meses en vir os da Xunta.

-SR. ALCALDE.- Haberá que estudar o caso e buscar algunha empresa especializada.

“2.- Cando se pensa arranxar os canalóns e baixantes de augas do pavillón de deporetas para que deixe de entrar auga nel ?”

- SR. ALCALDE.- Hai que esperar a que retiren os pinos para facer unha memoria e arreglar.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Falouse co dono dos pinos?.

-SR. ALCALDE E CONCELEIRO JUAN LUIS.- Xa se falou co dono e está a espera de que llos compren.

-SR. CONCELEIRO JUAN LUIS.- Tén a obriga de tiralos por lei.

“3.- Por qué non se barre diante do nº 25 da Avda. de Compostela?

-SR. ALCALDE.- O persoal di que varre afeito.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Donde se aparcen os coches é do Concello e non se varre.

-SR. ALCALDE.- Creo que é público, e o que dixeron é que se limpa todo igual.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- O recuncho nunca o varren.

-SR. ALCALDE.- A limpeza fana en xeral.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Hai unha jardinera rota que rompeu un camiión e non se arranxou.

Non se formulan máis preguntas.



E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e vintecatros minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

O secretario accidental,

BORRADOR